


## Galiza

### O Día das Letras Galegas adicarase no 2008 ao escritor tudense Xosé María Álvarez Blázquez

[GZnación / Redacción / 30 Xun 07]



A Real Academia Galega (RAG) acordou dedicar o Día das Letras Galegas do próximo ano 2008 ao escritor Xosé María Álvarez Blázquez, nacido en 1915 en Tui (Pontevedra) e falecido en Vigo en 1985.

Álvarez Blázquez é autor de tres obras en verso: 'Poemas de ti e de min' (1949); 'Roseira do teu mencer' (1950) e 'Canle segredo' (1976) e obras en prosa de menor importancia, algunhas delas perdidas.

Así, a RAG destacou que o escritor tudense foi "o exemplo perfecto dun home polígrafo, erudito e interesado pola historia, a arqueoloxía ou a literatura", indicou e subliñou o seu "importante labor" como editor.

Por outra banda, a academia acordou nomear Académico de Honra ao profesor John Rutherford (Inglaterra, 1941), profesor titular da Facultade de Español

'Fellow do Queen's College' e director do 'Center for Galician Studies' de Oxford. Del valorou que se trata do "representante máis destacado do hispanismo británico en relación con Galiza".

#### Redes sociais



#### O comentario(s)

#### Deixa o teu comentario

Nome:

\* Mail:  (Non aparecerá publicado)

URL:  (Debe comezar por http://)

Comentario: